

ESTRATEGIA RETORNA

2023 - 2026



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN

1.1 Situación actual	5
1.1.1 Galicia despois da COVID-19	7
1.1.2 Balance primeira Estratexia Retorna	8
1.1.2.1 Resultados axudas	8
1.1.2.2 Resultados económicos	11
1.1.2.3 Resultados demográficos	11
1.1.3 Análise demográfica actual	12
1.1.3.1 A situación da emigración galega	12
1.1.3.2 A poboación galega no exterior	12
1.1.3.3 A poboación galega en América	16
1.1.3.4 A poboación galega en Europa	26

2 O RETORNO E O RETO DEMOGRÁFICO

2.1 A importancia do retorno	34
2.2 Unha base xurídica para o retorno	35
2.3 Unha nova Estratexia Retorna	36
2.4 Liñas estratéxicas da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026	37

3 MEDIDAS DE APOIO AO RETORNO

3.1 Área de asesoramento, seguimento, coordinación e control	40
3.2 Área social	41
3.3 Área educativa	43
3.4 Área laboral	46

4 CONCLUSIÓNS

51

INTRODUCCIÓN

1.1 Situación actual

1.1.1 Galicia despois da COVID-19

1.1.2 Balance primeira Estratexia Retorna

1.1.2.1 Resultados axudas

1.1.2.2 Resultados económicos

1.1.2.3 Resultados demográficos

1.1.3 Análise demográfica actual

1.1.3.1 A situación da emigración galega

1.1.3.2 A poboación galega no exterior

1.1.3.3 A poboación galega en América

1.1.3.4 A poboación galega en Europa

“Sen o relato da diáspora, a historia de Galicia estaría mancada”. Estas palabras de Xosé Neira Vilas, unha das principais voces literarias da emigración galega, resumen unha parte fundamental do relato da nosa terra, aquel que comprende as historias persoais, familiares e humanas de todos aqueles galegos e galegas que un día tiveron que partir, facendo da emigración un proceso esencial para comprender a historia de Galicia.

Hoxe, máis dun século despois do inicio daquel proceso, a proporción de galegos residentes no exterior descendeu en comparación co total da poboación española no exterior. Non obstante, a nosa segue sendo a Comunidade Autónoma cunha maior porcentaxe sobre o total de cidadáns censados. Os máis de 529.000 galegos e galegas dispersos polo mundo representan un 19,7% sobre os 2,7 millóns que configuran o total de habitantes da nosa terra. Un índice porcentual que se sitúa máis de tres puntos e medio por enriba do que rexistra a Comunidade de Madrid, que é case sete puntos superior ao de Cataluña e que supera tamén en máis dun 8% a Andalucía¹.

O peso e a importancia desta Galicia exterior supón, en certa medida, o que foi, o que é e o que quere ser a nosa terra. Unha mostra de constancia, dedicación e vontade para prosperar e un claro exemplo de integración nun mundo global que, coas súas facilidades de comunicación e movemento ofrece hoxe, na terceira década do século XXI, un reto e unha oportunidade que se sustentan sobre a base desa mesma emigración: o retorno.

Así, e do mesmo modo que o século XX foi o da emigración, a Xunta de Galicia traballa desde fai anos co obxectivo de consolidar este como o século do retorno. Un proceso iniciado coa anterior Estratexia Retorna e que, despois de prorrogarse dous anos con motivo da pandemia da covid-19, ten agora a súa continuidade na nova Estratexia Galicia Retorna 2023-2026.

Deste modo, o Goberno galego reforza a súa aposta polo retorno. E faino sobre a base das seguintes realidades:

- Unha legal, sustentada, entre outras normas, polo propio Estatuto de Autonomía de Galicia, que confire aos galegos e galegas da diáspora o dereito de volver a casa.
- Outra demográfica, porque a ninguén se lle escapa que Galicia, como o resto de occidente, vén experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación social.
- E unha terceira, que fai do retorno unha oportunidade que posibilita a mellora tanto da competitividade e produtividade do tecido empresarial como das condicións laborais e a calidade de vida.

A nosa terra, coma o resto do Estado e de Europa, atópase, polo tanto, inmersa nun profundo cambio das súas estruturas sociais, observando na súa situación demográfica un dos grandes retos aos que debe facer fronte durante os próximos anos. Algo para o que resulta imprescindible tomar conciencia e articular as medidas oportunas para xestionalo con éxito. Para iso é preciso adoptar novos enfoques e traballar de modo conxunto e con visión de futuro, fixando medidas estables a medio e longo prazo.

Un proceso no que a Xunta de Galicia leva tempo traballando a través da mencionada Estratexia Retorna 2020, a primeira estratexia de España destas características, que se configurou como un documento transversal e integral e que supuxo o reforzo de medidas estratéxicas que xa existían para aproveitar esta oportunidade do retorno, fixando para iso unha serie de obxectivos plausibles. Esta planificación contou, por un lado, co orzamento inicial específico de 15 millóns de euros dedicados á promoción e ao desenvolvemento de accións concretas neste campo. Así mesmo, estableceuse a posibilidade de fixar a figura do retornado nas diferentes liñas de axuda da Adminis-

tración autonómica, o que permitiu establecer de inicio un orzamento transversal de 220 millóns de euros. Aspirábase, así, a facilitar a volta a casa de 20.000 galegos do exterior a través dun programa pioneiro en todo o Estado posto en marcha nun período e nun contexto de crecemento económico sostido.

Gracias a esta inversión, entre 2018 e 2022 (período inicial da Estratexia, máis o que despois se prorrogou durante 2021 e 2022 para facilitar o labor que se estaba levando a cabo en medio das dificultades derivadas da pandemia da Covid-19), a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Emigración, concedeu máis de 3.000 axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para facer fronte aos gastos derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma; promoveu a posta en marcha de máis de 600 iniciativas empresariais mediante o programa de apoio ao retorno emprendedor; activou a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, con cinco sedes que acompañaron a máis de 11.000 persoas na súa chegada a Galicia; ou concedeu becas a 1.200 alumnos cunha BEME (Bolsas Excelencia Mocidade Exterior), traendo de volta a casa a algúns dos mellores expedientes da nosa terra para que cursen os seus estudos de posgrao e inicien ou continúen a súa carreira profesional en Galicia.

Todas estas cifras configuran realidades que establecen un punto de partida idóneo para reforzar a aposta polo retorno. Neste sentido, a nova Estratexia debulla os obxectivos a curto e medio prazo para seguir avanzando no coidado e a potenciación deses vínculos coa Galicia exterior, establecendo as pontes necesarias para que todos os galegos que o desexen poidan volver a Galicia co apoio institucional necesario.

Deste modo, o retorno configúrase non só como unha oportunidade para miles de galegos, senón que implica unha aposta decidida polo emprendemento, polos mozos e mozas con curri-

1. Cifras do Instituto Nacional de Estadística - INE

culums brillantes e alta cualificación, polas políticas sociais e polo futuro de Galicia.... Un compromiso que se sustenta sobre a crenza de que non é só un dereito de todas as galegas e galegos emigrados, senón tamén unha oportunidade extraordinaria que a historia de Galicia nos ofrece para superar o complexo reto demográfico que temos por diante, contribuíndo así á mellora da competitividade e, polo tanto, da nosa produtividade.

Non en van, atendendo ás cifras dos últimos anos, Galicia converteuse en terra de retorno; un lugar escollido por miles de familias cada exercicio para impulsar os seus proxectos persoais e profesionais.

Deste modo, e a pesar da pandemia, o número de persoas que escollen a nosa terra para vivir continúa en aumento, deixando 2021 o terceiro mellor saldo de toda a serie histórica desde 2010, só por detrás de 2019, cando se alcanzou o récord da serie con 17.747 e practicamente igual ao de 2020.

Os datos do ano 2021 demostran que durante o segundo ano de pandemia, no que se mantiveron certas restricións de mobilidade, incrementouse o retorno, pasando de 3.842 en 2020 a 5.381 persoas de nacionalidade española que entraron en Galicia, sen contar as súas familias sen esta nacionalidade, que forman parte dos 14.338 estranxeiros que chegaron á nosa terra.

Así, segundo a estatística, os datos de 2021 mostran que, se ben aumentaron as saídas cara a outras comunidades autónomas, incrementáronse tamén as entradas, co que o saldo migratorio con respecto ao resto de España tamén foi positivo en 3.251 persoas. Cifras todas elas que demostran que Galicia segue sendo un lugar atractivo para vivir, situándose como unha das rexións con maior capacidade de atracción. Sobre esta base a Xunta de Galicia aposta agora por unha nova Estratexia Retorna que se configura unha vez máis como

un proxecto amplo, ambicioso e de carácter transversal, que implica a todos os departamentos do Goberno autonómico na problemática demográfica e na responsabilidade de traballar para facilitar a volta á súa terra aos galegos do exterior, tanto dos emigrantes como dos seus descendentes.

Atraer galegos residentes no exterior; ofrecer e procurarlles unha cobertura integral das súas necesidades básicas; facilitar a súa integración educativa e laboral; ou analizar e executar todas as medidas ao alcance do Goberno galego para combater e superar o complexo reto demográfico desde o fomento do retorno, son algúns dos desafíos que se deben potenciar.

A Estatística de Migracións publicada cos datos provisionais do primeiro semestre de 2022 destaca un saldo migratorio positivo neste período de 12.768 persoas, que, ao igual que en 2019, consegue reverter o saldo vexetativo negativo, é dicir, que a poboación de Galicia volve medrar.

1.1. Situación actual

A comezos de 2018 a Xunta de Galicia aprobaba a primeira Estratexia Retorna que permitiu estruturar o traballo que se desenvolvía desde algúns departamentos autonómicos. O obxectivo, como se mencionou na introdución, era dobre: nun primeiro lugar, rexuenerar a poboación galega e contribuír a superar a crise demográfica que atravesaba a Comunidade; e, en segundo lugar, facilitar o dereito dos emigrantes galegos e dos seus descendentes de regresar a Galicia.

Para iso partiuse dunha análise da situación demográfica da Galicia exterior, constatando un incremento progresivo das galegas e galegos residentes no estranxeiro nos últimos anos. O 1 de xaneiro de 2018, ano de publicación do documento, a cifra de galegos no exterior fixébase en 516.489, que contrastaban cos 382.599 rexistrados unha década antes².

Este incremento veu determinado pola inscrición dos nados no exterior descendentes de galegos, e tamén polo aumento do número de persoas que accederon ou recuperaron a nacionalidade española ao amparo da chamada Lei da Memoria Histórica que entrou en vigor en 2007.

Non obstante, a cifra non parou de crecer e hoxe son xa 529.038 os galegos que residen no exterior, máis dun 72% deles nados no estranxeiro.

TÁBOA 1

Poboación galega no exterior, nados en España e no estranxeiro (comparativa 2009 – 2018 – 2022) INE

ANOS	NACIDOS EN ESPAÑA	NACIDOS ESTRANXEIRO	TOTAL
2022	143.569 / 27%	384.310 / 73%	529.038
2018	151.589 / 30%	363.284 / 70%	516.489
2009	160.792 / 42%	218.401 / 58%	383.599

*Para obter os totais habería que ter en conta os NS/NC

1.1.1. Galicia despois da COVID-19

Neste marco púxose en marcha a Estratexia Retorna 2018-2020, desenvolta nun contexto de crecemento económico constante que se reflicte tamén nos indicadores de creación de emprego e que permitiu establecer políticas de retorno que non só reverten a curto prazo o saldo vexetativo da nosa terra, senón que aspiran a normalizar un fluxo migratorio positivo e sostido no tempo.

O escenario, sen embargo, cambiou. E fíxoo dun modo substancial, marcado por unha pandemia que obrigou a redefinir prioridades e metas.


Os diferentes estudos e traballos publicados ata a data sobre as consecuencias económicas da covid-19 inciden na complexidade extraordinaria da situación e no grao de incertidume acerca da profundidade, intensidade e consecuencias da pandemia, así como as incógnitas sobre o tempo de recuperación social e económico.

Non en van, Galicia resistiu esta crise mellor ca outras comunidades autónomas, e fíxoo tanto en termos económicos como nos relativos á xeración de emprego. Así, a previsible caída do PIB da Comunidade no momento máis duro da pandemia (-9,1% en 2020) foi menor ca do conxunto do Estado (-10,8% no mesmo período). Igualmente, a taxa de paro de Galicia pechaba 2021 (último ano completo) nun 11%, máis de dous puntos por debaixo da media estatal.

Neste escenario cabe destacar a influencia que tivo a crise sanitaria nos fluxos migratorios globais, afectados substancialmente durante os dous últimos anos pola limitación da mobilidade internacional.

GRÁFICO 1

Poboación galega residente no exterior nacida en España e no estranxeiro (2009 - 2022) INE



1.1.2 Balance primeira Estratexia Retorna

A primeira Estratexia Retorna planifícase e actívese co obxectivo de cubrir o período temporal 2018-2020. Prorrogada con posterioridade dous anos debido á pandemia, o documento prevé inicialmente unha serie de metas, alcanzadas na súa maioría nos tres exercicios que comprenden a etapa inicial de desenvolvemento:

- Desde o punto de vista demográfico, Galicia aspiraba a lograr que 20.000 persoas escollesen a nosa terra como o lugar ideal para continuar os seus proxectos profesionais e familiares.
- Este aspecto demográfico vincúlase, tamén, á idade, establecendo o ambicioso obxectivo de que o 60% dos retornados, 12.000 persoas, tivesen menos de 45 anos, potenciando deste modo a volta a casa de mozos e mozas altamente cualificados.
- E desde unha perspectiva económica sustentábase sobre dous ámbitos de actuación: unha desenvolvemento en torno a axudas específicas, con 15 millóns de euros destinados, de modo específico, aos galegos que decidisen retornar; e a outra, transversal, fomentando a implicación da totalidade da Administración autonómica cunha previsión inicial de, polo menos, 220 millóns de euros.

Sobre esta base, a Estratexia configurouse como un documento aberto, con capacidade para incorporar cada ano diferentes medidas, tanto específicas como transversais, que se adaptan ás circunstancias e aos obxectivos fixados que, como se verá, foron cumpridos e mellorados.

No seu desenvolvemento participaron diferentes departamentos do Goberno galego e estruturouse en seis áreas específicas:

- Asesoramento e seguimento
- Social
- Emprendemento
- Emprego
- Formación
- Vivenda

1.1.2.1. Resultados axudas

A. Área de asesoramento e seguimento – Secretaría Xeral da Emigración (SXE)


- **Portal Retorna** (posto en marcha en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA). Esta canle na web da Secretaría Xeral da Emigración concreta toda a información necesaria para facilitar o regreso a Galicia, acompañando ao retornado no proceso a través dunha ferramenta de comunicación directa.
- Desde a súa posta en marcha recibiu máis de 300.000 visitas.
- **Oficinas integrais de asesoramento e seguimento ao retorno.** Postas en marcha nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela.
- Atenderon máis de 40.000 consultas nas distintas áreas realizadas por 11.000 persoas.
- **Relacións cos representantes da Galicia Exterior.** Son moitas as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e

que promoven, reforzan e impulsan lazos culturais, sociais e económicos coa nosa terra. Asociacións e federacións de emigrantes galegos, entidades colaboradoras no exterior e delegacións da Xunta na Arxentina e o Uruguai configuran un extenso mapa de representantes da "galegitude" cos que o Goberno galego planifica e mantén un estreito contacto.

- Celebración de 55 reunións informativas específicas de retorno nos países con maior poboación galega en América e Europa.
- Accións de formación, difusión e información.
- Acordos de colaboración con asociacións e federacións de emigrantes galegos.

GRÁFICO 2

Tipo de consultas atendidas na Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno.



B. Área social – SXE e Consellería de Política Social e Xuventude

• Axudas extraordinarias para galegos retornados

Teñen como obxectivo facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do retorno. Os beneficiarios son as persoas que, residindo fóra de España con nacionalidade española, se establecen en Galicia, tanto os nados na nosa terra como os seus cónxuxes ou descendentes.

- Destináronse 9 millóns de euros entre 2018 e 2022 a través desta liña específica para paliar os efectos e dificultades de inserción sociolaboral provocados pola pandemia.

- Facilitouse a integración social en Galicia de cerca de 3.000 familias e máis de 8.500 galegos e galegas retornados do exterior.

• Tarxeta Benvida

Ten como obxectivo atender os gastos que supón o nacemento dun fillo: compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces e produtos de hixiene ou farmacia.

- Facilitouse o acceso ás galegas e galegos retornados, fixando os prazos desde o momento da chegada a Galicia e non desde o nacemento do fillo.

• Outras prestacións sociais

A Renda de inclusión social de Galicia, coñecida como a Risga, é unha prestación destinada a garantir recursos económicos a aquelas persoas nunha situación precaria, axudándoos no seu proceso de integración social e laboral na comunidade.

- Os emigrantes retornados son un dos colectivos que se poden beneficiar da Risga, así como doutras axudas de in-

clusión social e do Complemento Extraordinario aos perceptores da Pensión non Contributiva.

• Plan de Apoio á Natalidade

As familias retornadas puideron acceder, tamén, en igualdade de condicións coas residentes, a outro tipo de axudas establecidas no marco do desenvolvemento deste programa, como o Bono Concilia (con apoios económicos directos ás familias para contribuír ao pago dunha praza nunha escola infantil 0-3 privada da súa elección) ou o Bono Coidado (para a atención a domicilio de menores de 12 anos).

C. Área de Formación – SXE e Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

• Incorporación de menores retornados a centros educativos

Durante a vixencia da Estratexia Retorna 2020 facilitouse a integración no sistema educativo galego de 41.223 alumnos procedentes do exterior, desde infantil ata bacharelato, incluíndo ciclos formativos.

- Se temos en conta as estimacións derivadas dos estudos das axudas ao colectivo de emigrantes retornados, máis de 10.000 destes alumnos poderían formar parte dunha familia retornada.

• Becas BEME – Bolsas Excelencia Mocidade Exterior

As BEME son unha grande oportunidade para completar a formación dos mozos retornados. Estas becas ofrecen a titulados universitarios galegos residentes no estranxeiro a posibilidade de vir a Galicia a cursar estudos de máster nalgunha das tres universidades públicas.

- Ofertáronse xa 1.200 becas para cursar un máster universitario ou unha Formación Profesional, chegando a alum-

nas e alumnos galegos do exterior de máis de 20 países.

- A Arxentina, Venezuela, México, o Brasil, o Reino Unido, Alemaña, Francia e Suíza.

- Máis do 80% dos becados residen e traballan en Galicia na actualidade.

- A súa idade media sitúase en torno aos 30 anos.

- O 40% dos beneficiarios veñen a Galicia acompañados dos seus familiares (parella e/ou fillos).

• Programa de axudas para estudantes universitarios con dificultades económicas

Dirixido a universitarios e universitarias que presentan unha necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa imprevista ocorrida no curso académico.

- Inclúese a condición de retornado entre as causas que permiten solicitar estas becas.

D. Área de emprendemento – SXE, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, e Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

• Programa de apoio ao retorno emprendedor

Centrado na promoción do autoemprego e da actividade emprendedora dos galegos retornados, fomenta o seu establecemento en Galicia como traballadores autónomos ou por conta propia.

- Máis de 600 iniciativas empresariais impulsadas entre 2018 e 2022, cun orzamento de máis de 4 millóns de euros.

- A idade media dos beneficiarios é de 41,2 anos.

- O 52,1% son nados en Galicia.

- O 49,5% emprenden nun concello rural.

- Proceden de 45 países, sendo os cinco primeiros Venezuela, o Reino Unido, Suíza, o Brasil e México.
- O 77% dos emprendedores xa ten experiencia no seu sector e o 73% conta con formación específica.

• Outros programas de apoio ao emprendemento

Como medidas transversais, a Estratexia Retorna 2020 inclúe outras liñas de actuación como os programas Galicia Emprende, Talento Sénior ou Galicia Rural Emprende, así como a Rede de Espazos Coworking impulsada pola Xunta.

- Galicia Rural e Galicia Rural Emprende: 22 galegos retornados.
- Programa Talento Sénior: 12 galegos retornados.
- Rede de espazos Coworking: 101 galegos retornados.

E. Área de emprego - SXE e Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Igualdade

• Incentivos especiais para a contratación de retornados

Coa finalidade de facilitar a consecución dun traballo por conta allea realízase un importante esforzo para permitir o acceso e implementar incentivos especiais á contratación de galegos retornados. Para iso, increméntase nun 25% a contía das seguintes liñas de actuación:

- Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas de empresas e incentivos á contratación.
- Programa de incentivos á contratación na empresa ordinaria.
- Programa APROL-ECONOMÍA SOCIAL, destinado a fomentar a incorporación de desempregados e traballadores temporais a cooperativas e sociedades laborais.
- Programa APROL-RURAL, que ten como obxectivo o fo-

mento do emprego en colaboración coas entidades locais do medio rural.

- Programa de fomento e consolidación do emprego en pemes de nova creación.
- Axudas para a contratación indefinida de traballadores por conta allea, por parte de empresarios autónomos, dentro do programa de fomento e consolidación do traballo por conta propia.
- Programa para a promoción e consolidación do autoemprego.
- Programa EMEGA, que inclúe un conxunto de axudas destinadas a apoiar a posta en marcha, mellora e reactivación de iniciativas empresariais formadas por mulleres.
- Programa de Apoio a Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBT), que busca dinamizar a vocación emprendedora da comunidade universitaria e aproveitar o potencial empresarial das persoas dedicadas á investigación.

F. Área de vivenda - SXE e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

• Programa Aluga

Iniciativa destinada a favorecer o mercado do alugueiro de vivendas privadas e facilitar o acceso a unha vivenda a unidades familiares ou de convivencia con ingresos reducidos.

- O decreto de regulación incorpora ao programa ás familias galegas retornadas.

• Rehabilitación de vivendas

Todos aqueles galegos e galegas que volveron a Galicia e optaron pola compra dunha vivenda puideron solicitar tamén as distintas liñas de axuda destinadas á rehabilitación de inmo-

1.1.2.2 Resultados económicos

Como xa se mencionou, a Estratexia Retorna establecía obxectivos orzamentarios en dous tipos de medidas:

- Específicas, para galegos retornados e cun orzamento de 15 millóns de euros para todo o período.
- Transversais, para toda a poboación e cun incentivo específico para o colectivo de retornados, que contaban cun orzamento total de 220 millóns de euros.

Sen considerar os dous anos de prórroga da Estratexia motivada pola pandemia, cumpríronse os obxectivos chegando nalgúns casos case a duplicar a previsión inicial.

TÁBOA 2

Orzamento e execución da Estratexia Retorna
Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDAS	OBXECTIVO ORZAMENTARIO	RESULTADO
ESPECÍFICAS	15.000.000 €	25.768.176 €
TRANSVERSAIS	220.000.000 €	426.040.934 €
TOTAL	235.000.000 €	447.809.110 €

1.1.2.3 Resultados demográficos

A Estratexia Retorna marcábase en 2018 o ambicioso obxectivo de atraer a 20.000 galegos e galegas da Galicia exterior á territorial. Esta meta fixébase sobre unha análise detallada da poboación galega residente no exterior, que en 2018 superaba xa os 516.000 habitantes.

Atendendo aos diferentes fluxos de poboación, entre 2018 e 2020, chegaron a Galicia 21.763 persoas pertencentes a unha familia galega retornada; se tivéssemos en conta o ano 2021, esta cifra ascendería a 28.437 persoas. Deste modo, cúmprese o obxectivo previsto, alcanzando unha cota do 108,8% pese á pandemia.

Neste escenario convén lembrar que as persoas empadroadas naqueles fogares que recibiron unha axuda extraordinaria durante o período do que dispoñemos de datos estatísticos anuais ('18-'21), foron un total de 8.650, das que un 25% non posuía a nacionalidade española no momento de vir a Galicia, producíndose a súa chegada como parte dunha familia galega. Sobre esta base, e tendo en conta para o cálculo a todos os membros das familias galegas retornadas, dos máis de 21.700 galegas e galegos retornados, 17.401 terían a nacionalidade española, carecendo dela 4.362.

En canto ao obxectivo de idade, foron 12.775 os galegos e galegas menores de 45 anos que retornaron, o 58,7% do total, polo que se cumpriu o obxectivo proposto, xa que retornaron máis das 12.000 persoas propostas como reto na Estratexia entre os anos 2018 e 2020. É de destacar, en relación coa idade, que o 80% das persoas galegas retornadas teñen menos de 65 anos.

1.1.3 Análise demográfica actual

1.1.3.1 A situación da emigración galega

O coñecemento da evolución da Galicia exterior, en contraposición cos datos da Galicia territorial, representa un soporte ideal tanto para poder valorar os resultados das medidas levadas a cabo ata a data como para establecer novos obxectivos e pautas de actuación encamiñadas ao retorno.

Neste sentido, os datos oficiais mostran a comentada crise demográfica que sofre tanto a nosa Comunidade Autónoma como o conxunto do Estado. Unha situación que contrasta co crecemento, en ambos casos, da poboación residente no estranxeiro, debido a factores xa explicados como a inscrición dos descendentes nados no exterior e a Lei de Memoria Histórica.

Os 529.038 galegos que viven fóra supoñen o 19,28% do total de españoles que habitan máis aló das nosas fronteiras. Deste modo, Galicia mantense como a comunidade con maior peso específico no conxunto da poboación española residente no estranxeiro.

1.1.3.2 A poboación galega no exterior

A análise dos datos da presenza da cidadanía galega estranxeira mostra un incremento progresivo dos galegos residentes no exterior (é dicir, a suma dos emigrantes que naceron en Galicia e marcharon e a dos seus descendentes) nos últimos anos, mentres diminúe o número de galegos nados en Galicia residentes no exterior, é dicir, descende o número de emigrantes.

O número total de galegos residentes no exterior, tanto emigrantes como os seus descendentes, é de 529.038 persoas a 1 de xaneiro de 2022, 12.549 máis que en 2018 e 145.439 máis que en 2009. Polo contrario, o número de emigrantes galegos nados en Galicia descendeu desde ese mesmo ano en 17.223 persoas. Só no último ano esta cifra baixou en 1.489 persoas.

TÁBOA 3

Poboación galega no exterior, nados en España e no estranxeiro (2009 – 2022)- INE

ANOS	NACIDOS EN ESPAÑA	NACIDOS ESTRANXEIRO	TOTAL*
2022	143.569	384.310	529.038
2021	145.034	377.639	523.856
2020	147.396	374.792	523.672
2019	149.010	369.067	519.646
2018	151.589	363.284	516.489
2017	153.456	356.712	511.830
2016	154.071	348.037	503.840
2015	155.623	336.210	493.970
2014	155.554	321.627	479.558
2013	154.970	306.184	463.812
2012	154.770	288.135	445.812
2011	154.984	267.034	425.216
2010	157.383	239.898	401.068
2009	160.792	218.401	383.599

*Para obter os totais habería que ter en conta os NS/NC

TÁBOA 4

Poboación galega residente no exterior, nacida en Galicia e inscrita na mesma provincia de nacemento. INE

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
A CORUÑA	56.761	55.966	55.163	55.332	55.449	55.796	55.898	55.575	55.463	54.854	54.088	53.481	52.566	52.088
LUGO	18.107	17.786	17.335	17.257	17.194	17.146	17.025	16.555	16.371	16.134	15.862	15.727	15.526	15.365
OURENSE	35.278	34.694	34.291	33.983	33.843	33.587	33.362	32.674	32.206	31.495	30.640	30.066	29.534	29.015
PONTEVEDRA	45.051	43.363	42.626	42.526	42.675	42.974	43.030	42.770	42.745	42.377	41.702	41.382	40.778	40.494
TOTAL GALICIA	155.197	151.809	149.415	149.098	149.161	149.503	149.315	147.574	146.785	144.860	142.292	140.656	138.404	136.962

TÁBOA 5

Poboación galega residente no exterior, nacida nunha provincia española distinta á de inscrición. INE

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
A CORUÑA	1.976	1.990	1.981	2.061	2.125	2.244	2.345	2.455	2.529	2.572	2.577	2.567	2.507	2.476
LUGO	519	517	512	523	532	542	573	566	586	598	584	595	597	594
OURENSE	1.058	1.035	1.030	1.023	1.026	1.053	1.078	1.080	1.093	1.099	1.093	1.094	1.076	1.069
PONTEVEDRA	2.042	2.032	2.046	2.065	2.126	2.212	2.312	2.396	2.463	2.460	2.464	2.484	2.450	2.468
TOTAL GALICIA	5.595	5.574	5.569	5.672	5.809	6.051	6.308	6.497	6.671	6.729	6.718	6.740	6.630	6.607

TÁBOA 6

Poboación galega residente no exterior, nacida no estranxeiro. INE

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
A CORUÑA	75.073	82.311	90.808	97.407	102.946	107.751	112.507	116.311	119.265	121.487	123.402	125.360	126.571	128.685
LUGO	29.539	33.084	38.313	42.410	45.402	48.189	50.879	52.993	54.522	55.725	56.827	57.709	58.123	59.401
OURENSE	47.823	52.710	58.944	63.743	67.794	71.429	74.768	77.479	79.432	80.711	81.650	82.626	83.037	84.648
PONTEVEDRA	65.966	71.793	78.969	84.575	90.042	94.258	98.056	101.254	103.493	105.361	107.188	109.097	109.908	111.576
TOTAL GALICIA	218.401	239.898	267.034	288.135	306.184	321.627	336.210	348.037	356.712	363.284	369.067	374.792	377.639	384.310

TÁBOA 7

Estrutura por sexos e idades da poboación galega residente no exterior. INE

HOMES

TOTAL GRUPOS DE IDADE	-16 ANOS	16 A 64 ANOS	65+ ANOS
256.868	25.147	155.800	75.921

MULLERES

TOTAL GRUPOS DE IDADE	-16 ANOS	16 A 64 ANOS	65+ ANOS
272.170	24.367	156.812	90.991

AMBOS SEXOS

TOTAL GRUPOS DE IDADE	-16 ANOS	16 A 64 ANOS	65+ ANOS
529.038	49.514	312.612	166.912

TÁBOA 8

Estrutura por sexos e idades da poboación galega residente no exterior nacida en España. INE

HOMES

TOTAL GRUPOS DE IDADE	-16 ANOS	16 A 64 ANOS	65+ ANOS
71.089	1.156	23.625	46.308

MULLERES


TOTAL GRUPOS DE IDADE	-16 ANOS	16 A 64 ANOS	65+ ANOS
75.334	1.157	21.781	52.396

AMBOS SEXOS

TOTAL GRUPOS DE IDADE	-16 ANOS	16 A 64 ANOS	65+ ANOS
146.423	2.313	45.406	98.704

GRÁFICO 3

Evolución 2009 - 2022 da poboación galega residente no exterior, nados en España e no estranxeiro. INE



● Poboación galega residente no exterior ● Poboación galega residente no exterior, nados no estranxeiro ● Poboación galega residente no exterior, nados en España

GRÁFICO 4

Estrutura por idades da poboación galega residente no exterior. INE

	-16 ANOS	16 A 64 ANOS	65+ ANOS
NACIDOS EN GALICIA	2.313	45.406	98.704
NACIDOS NO ESTRANXEIRO	47.201	267.206	68.208
TOTAL	49.514	312.612	166.912

1.1.3.3 A poboación galega en América

América continúa sendo o continente con maior presenza de galegos. O 77,61% dos galegos que residen fóra fano en América, o que equivale a 410.591 persoas. Unha cifra que, ao igual que o conxunto da poboación galega no exterior, aumentou durante os últimos anos. Así, no período 2009 - 2022 rexístrase un aumento de 122.967 galegos máis residentes no continente.

O importante descenso dos galegos nados en España que residen en América é unha clara mostra de que estes incrementos non son consecuencia da saída de galegos desde a nosa comunidade autónoma con destino a América, senón do incremento natural da poboación e, con este, o acceso á cidadanía por lei e ás transmisións posteriores da cidadanía de pais a fillos.

TÁBOA 9

Poboación galega residente en América 2009 – 2022, nados en España e no estranxeiro. INE

	TOTAL	NACIDOS ESTRANXEIRO		NACIDOS ESPAÑA	
2009	287.624	181.168	63,0%	106.456	37,01%
2010	303.645	200.077	65,9%	103.568	34,11%
2011	326.001	224.821	69,0%	101.180	31,04%
2012	344.760	243.719	70,7%	101.041	29,31%
2013	360.796	259.890	72,0%	100.906	27,97%
2014	374.269	273.537	73,1%	100.732	26,91%
2015	386.372	286.313	74,1%	100.059	25,90%
2016	393.631	296.343	75,3%	97.288	24,72%
2017	399.425	303.214	75,9%	96.211	24,09%
2018	402.749	308.136	76,5%	94.613	23,49%
2019	404.693	312.176	77,1%	92.517	22,86%
2020	407.022	316.118	77,7%	90.904	22,33%
2021	406.651	317.623	78,1%	89.028	21,89%
2022	410.591	322.534	78,5%	88.057	21,5%

TÁBOA 10

Poboación galega residente en América, nacida en Galicia e inscrita na mesma provincia de nacemento. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
101.324	98.903	96.941	96.945	96.882	96.788	96.222	93.822	92.770	91.194	89.151	87.621	86.016	85.088

TÁBOA 11

Poboación galega residente en América, nacida nunha provincia española distinta á de inscrición. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
1.947	1.948	1.925	1.971	2.075	2.184	2.256	2.261	2.286	2.301	2.283	2.250	2.193	2.169


TÁBOA 12

Poboación galega residente en América, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
181.168	200.077	224.821	243.719	259.890	273.537	286.313	296.343	303.214	308.136	312.176	316.118	317.623	322.534

GRÁFICO 5

Poboación galega residente en América.



TÁBOA 13

Poboación galega residente na Arxentina. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
133.561	139.072	145.235	152.875	158.530	163.227	168.263	170.645	172.948	175.906	178.539	180.908	181.416	182.633

TÁBOA 14

Poboación galega residente na Arxentina, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
48.233	46.897	45.531	45.635	45.633	45.602	45.472	43.964	43.452	43.273	43.143	43.000	42.739	42.661


TÁBOA 15

Poboación galega residente na Arxentina, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
84.802	91.706	99.292	106.860	112.563	117.315	122.493	126.409	129.234	132.373	135.142	137.660	138.434	139.729

GRÁFICO 6

Poboación galega residente na Arxentina.



A ARXENTINA

TÁBOA 16

Poboación galega residente no Brasil. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
34.437	35.502	38.144	40.607	43.166	44.809	46.217	46.671	47.753	48.441	48.691	49.467	49.593	49.970

TÁBOA 17

Poboación galega residente no Brasil, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
13.819	13.084	12.862	12.962	12.982	12.853	12.936	12.522	12.415	11.941	11.338	11.196	11.013	10.934


TÁBOA 18

Poboación galega residente no Brasil, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
19.194	21.291	24.401	26.824	29.442	31.319	32.745	33.913	35.123	36.293	37.163	38.087	38.446	38.903

GRÁFICO 7

Poboación galega residente no Brasil.



O BRASIL

TÁBOA 19

Poboación galega residente en Cuba. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
12.601	15.645	22.914	27.172	30.015	33.222	36.414	39.071	40.750	42.166	43.480	44.062	44.283	46.593

TÁBOA 20

Poboación galega residente en Cuba, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
704	644	601	561	541	521	487	459	445	410	393	383	367	347


TÁBOA 21

Poboación galega residente en Cuba, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
11.888	14.993	22.308	26.606	29.469	32.696	35.922	38.607	40.300	41.701	43.082	43.674	43.915	46.245

GRÁFICO 8

Poboación galega residente en Cuba.



CUBA

TÁBOA 22

Poboación galega residente nos Estados Unidos. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
11.863	12.525	13.529	14.636	15.725	16.720	17.678	18.516	19.450	20.527	21.493	22.527	23.175	24.053

TÁBOA 23

Poboación galega residente nos Estados Unidos, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
7.161	7.243	7.248	7.315	7.457	7.666	7.801	7.872	7.980	8.025	7.984	7.995	7.993	7.927


TÁBOA 24

Poboación galega residente nos Estados Unidos, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
4.560	5.149	6.157	7.206	8.165	8.960	9.791	10.562	11.394	12.430	13.438	14.465	15.127	16.074

GRÁFICO 9

Poboación galega residente nos Estados Unidos.



EE.UU.

TÁBOA 25

Poboación galega residente en México. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
9.869	10.306	10.756	11.184	11.553	12.033	12.445	13.073	13.808	14.201	14.503	14.759	14.685	14.631

TÁBOA 26

Poboación galega residente en México, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
3.221	3.187	3.117	3.086	3.065	3.016	2.975	3.048	3.148	3.158	3.110	3.084	3.002	2.864


TÁBOA 27

Poboación galega residente en México, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
6.614	7.090	7.612	8.073	8.463	8.994	9.449	10.005	10.643	11.027	11.377	11.661	11.669	11.753

GRÁFICO 10

Poboación galega residente en México.



TÁBOA 28

Poboación galega residente no Uruguai. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
33.195	35.776	38.152	38.930	40.193	40.569	40.505	40.660	41.111	41.085	41.381	41.162	40.541	40.260

TÁBOA 29

Poboación galega residente no Uruguai, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
9.724	9.601	9.498	9.394	9.262	9.092	8.534	8.136	7.974	7.826	7.683	7.306	6.694	6.477


TÁBOA 30

Poboación galega residente no Uruguai, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
22.856	25.624	28.159	29.085	30.500	31.069	31.614	32.203	32.822	32.953	33.402	33.591	33.658	33.607

GRÁFICO 11

Poboación galega residente no Uruguai.



O URUGUAI

TÁBOA 31

Poboación galega residente en Venezuela. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
41.783	43.144	44.047	44.891	45.670	46.617	46.882	46.095	43.975	40.226	35.998	33.278	32.310	31.633

TÁBOA 32

Poboación galega residente en Venezuela nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
17.146	16.928	16.722	16.593	16.550	16.586	16.479	16.163	15.679	14.873	13.857	13.026	12.677	12.349


TÁBOA 33

Poboación galega residente en Venezuela nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
24.250	25.851	26.988	28.002	28.840	29.772	30.148	29.684	28.052	25.121	21.910	20.022	19.459	19.112

GRÁFICO 12

Poboación galega residente en Venezuela.



VENEZUELA


Outro dato clarificador da presenza da cidadanía galega nacida en Galicia en América que demostra que corresponde a correntes de emigración de mediados do século XX, é o envellecemento da poboación. Fronte ao 31% que supón a porcentaxe de persoas galegas maiores de 65 anos que viven na nosa Comunidade Autónoma, no último ano as porcentaxes de persoas galegas nacidas en Galicia desta franxa de idade residentes nos países americanos son moi superiores: do 97,4% da Arxentina ao 41,8% dos Estados Unidos de América⁴.

Polo contrario, a pirámide de idade dos galegos nacidos no estranxeiro e residente en América é inversa: rexuvenece. Así, a porcentaxe de maiores de 65 anos é, salvando o caso de Cuba, moi inferior á propia Comunidade Autónoma de Galicia. Este contraste é especialmente rechamante no caso de países como México e Venezuela, onde unha importante porcentaxe de poboación galega (nacida no estranxeiro na súa práctica totalidade) é menor de 16 anos.

4. Datos Instituto Galego de Estatística (IGE) a 1 de xaneiro de 2022

GRÁFICO 13


Poboación galega residente en América segundo lugar de nacemento. INE



- Poboación galega residente en América, nacidos no estranxeiro
- Poboación galega residente en América, nacidos en España

TÁBOA 34


Estrutura por idades da poboación galega nacida en España e residente nalgúns países de América. IGE



- Menos de 16 anos
- De 16 a 64 anos
- De 65 ou máis anos

TÁBOA 35

Estrutura por idades da poboación galega nacida no estranxeiro e residente nalgúns países de América. IGE



1.1.3.4 A poboación galega en Europa

O caso europeo é similar ao de América. Como se pode observar nos seguintes gráficos, o aumento da poboación galega residente en Europa prodúcese entre os galegos nados no estranxeiro, cunha curva crecente sostida desde 2009. A explicación a este incremento de poboación galega en Europa non nacida na nosa Comunidade Autónoma hai que busca-la en dous grupos demográficos: dun lado os galegos nados en familias emigrantes e doutro os galegos nados noutros países, fundamentalmente do continente americano, que emigraron a Europa establecéndose no espazo Schengen.

Sobre esta base, a análise de datos no período 2009-2022 mostra un incremento de 23.093 no número de persoas galegas residentes en Europa e nadas no estranxeiro, mentres que os nados en Galicia descenderon en 2.450 persoas. Se a comparativa se realiza entre 2022 e 2018, a poboación galega residente en Europa e nacida no estranxeiro creceu en 6.212 habitantes, mentres que a nacida en España descendeu en 1.669 persoas.

TÁBOA 36

Poboación galega total residente en Europa INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
93.384	94.542	96.083	97.699	99.532	101.641	103.812	106.182	108.145	109.399	110.554	112.125	112.693	113.877

TÁBOA 37

Poboación galega residente en Europa, nacida en Galicia e inscrita na mesma provincia de nacemento. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
52.378	51.325	50.806	50.447	50.523	50.904	51.248	51.796	51.976	51.597	51.120	50.994	50.410	49.928

TÁBOA 38

Poboación galega residente en América, nacida nunha provincia española distinta á de inscrición. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
3.518	3.471	3.478	3.499	3.534	3.652	3.819	3.970	4.091	4.139	4.159	4.226	4.194	4.207

TÁBOA 39

Poboación galega residente en Europa nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
36.296	38.698	40.934	42.989	44.784	46.481	48.201	49.901	51.583	53.177	54.801	56.466	57.731	59.389

No caso de Europa, case o 81,35% dos galegos nados en Galicia e os seus descendentes teñen menos de 65 anos. Podemos concluír de maneira similar que no caso de América, afirmando que debemos manter unha aposta firme por todos os programas encamiñados a preservar o vínculo coa súa terra (que no caso de Europa é relativamente máis fácil pola súa proximidade territorial a Galicia), así como intensificar as medidas que favorezan o regreso a Galicia.


TÁBOA 40

Perfil da poboación galega residente en Europa, nados en España e no estranxeiro. INE

	TOTAL GRUPOS DE IDADE		MENOS DE 16 ANOS		DE 16 A 64 ANOS		DE 65 OU MÁIS ANOS	
	NACIDOS ESTRANXEIRO	NACIDOS ESPAÑA	NACIDOS ESTRANXEIRO	NACIDOS ESPAÑA	NACIDOS ESTRANXEIRO	NACIDOS ESPAÑA	NACIDOS ESTRANXEIRO	NACIDOS ESPAÑA
HOMES	29.439	27.555	7.580	710	21.790	16.834	69	10.011
MULLERES	28.601	28.282	7.304	702	21.045	16.663	252	10.917
TOTAL	58.040	55.837	14.884	1.412	42.835	33.497	321	20.5928
	113.877		16.296		76.332		21.249	

GRÁFICO 14

Evolución (2009 – 2022) da poboación galega total residente en Europa, da poboación nacida no estranxeiro e da nacida en España.



TÁBOA 41

Poboación galega total residente en Alemaña INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
15.333	15.500	15.612	15.751	15.889	16.159	16.458	16.773	17.023	17.227	17.388	17.519	17.600	17.717

TÁBOA 42

Poboación galega residente en Alemaña, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
8.427	8.203	8.005	7.872	7.794	7.821	7.883	7.940	7.934	7.891	7.823	7.777	7.693	7.622


TÁBOA 43

Poboación galega residente en Alemaña, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
6.865	7.260	7.578	7.852	8.070	8.320	8.584	8.816	9.073	9.320	9.549	9.726	9.897	10.085

GRÁFICO 15

Poboación galega residente en Alemaña.



TÁBOA 44

Poboación galega total residente en Francia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
17.810	17.762	17.919	18.098	18.325	18.501	18.649	18.783	18.963	18.979	19.120	19.362	19.340	19.514

TÁBOA 45

Poboación galega residente en Francia, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
11.102	10.849	10.752	10.604	10.601	10.559	10.525	10.484	10.444	10.327	10.223	10.199	10.045	9.932


TÁBOA 46

Poboación galega residente en Francia, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
6.167	6.415	6.741	7.109	7.371	7.616	7.828	8.020	8.255	8.395	8.646	8.919	9.090	9.381

GRÁFICO 16

Poboación galega residente en Francia.



FRANCIA

TÁBOA 47

Poboación galega residente no Reino Unido. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
10.982	11.119	11.453	11.754	11.974	12.377	12.882	13.362	13.902	14.369	14.736	15.324	15.496	15.892

TÁBOA 48

Poboación galega residente no Reino Unido, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
7.339	7.230	7.317	7.441	7.500	7.716	7.965	8.209	8.476	8.623	8.643	8.814	8.730	8.737


TÁBOA 49

Poboación galega residente no Reino Unido, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
3.358	3.638	3.917	4.124	4.305	4.517	4.786	5.023	5.299	5.622	5.972	6.408	6.672	7.061

GRÁFICO 17

Poboación galega residente no Reino Unido.



O REINO UNIDO

TÁBOA 50

Poboación galega total residente en Suíza. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
35.315	35.944	36.588	37.186	37.995	38.827	39.567	40.442	40.983	41.114	41.104	41.106	41.169	41.285

TÁBOA 51

Poboación galega residente en Suíza, nacida en Galicia. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
20.466	20.120	19.887	19.716	19.808	19.971	20.082	20.297	20.245	19.857	19.421	19.040	18.747	18.439


TÁBOA 52

Poboación galega residente en Suíza, nacida no estranxeiro. INE

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
14.715	15.711	16.635	17.416	18.139	18.818	19.453	20.114	20.707	21.227	21.653	22.036	22.406	22.830

GRÁFICO 18


Poboación galega residente en Suíza.




SUÍZA

TÁBOA 53

Estrutura por idades da poboación galega nacida en Galicia e residente nalgúns países de Europa. IGE

**TÁBOA 54**

Estrutura por idades da poboación galega nacida no estranxeiro e residente nalgúns países de Europa. IGE



O RETORNO E O RETO DEMOGRÁFICO

[2.1 A importancia do retorno](#)

[2.2 Unha base xurídica para o retorno](#)

[2.3 Unha nova Estratexia Retorna](#)

[2.4 Liñas estratéxicas da Estratexia Galicia
Retorna 2023-2026](#)

As características máis significativas da dinámica demográfica da Galicia actual, compartidas en España e a inmensa maioría de países desenvolvidos, son: dun lado o incremento da esperanza de vida, e doutro, a variación da fecundidade. Unha redución que se relaciona moi directamente coa paulatina prolongación da etapa de xuventude, consecuencia das dificultades que atopan os nosos mozos na transición cara á vida adulta. Existen varias circunstancias que caracterizan ao conxunto da sociedade occidental, como son o retraso na entrada no mercado laboral ou o incremento da idade media para a primeira maternidade.

Un escenario ao que, no caso de Galicia, cabe engadirlle unha estrutura poboacional afectada aínda polos procesos migratorios do século pasado, que minoraron notablemente o crecemento real da poboación e repercutiron no comportamento do conxunto de variables demográficas, dando como resultado unha pirámide poboacional con maior envellecemento e con problemas de renovación xeracional.

Así, os diferentes factores mencionados agravan a estrutura desa pirámide poboacional galega que, na súa comparación coa estatal, ofrece preto dun 4% menos de persoas menores de 20 anos e un 3,5% máis de maiores de 80 anos.

A Xunta de Galicia traballa para reverter esta tendencia promovendo medidas no ámbito laboral, social, educativo, sanitario ou das Tics. Así, durante a última década impulsábase o Plan Demográfico de Galicia 2013-2016 e un Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, actualizado con posterioridade por outro Plan para o período 2021-2030 e que establece, no primeiro dos seus cinco eixes prioritarios, o reto demográfico. Unha base sobre a que actúa tamén o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e sobre a que se asenta a nova Lei 5/2021 de Impulso Demográfico de Galicia.

2.1 A importancia do retorno

Resulta evidente que Galicia se atopa inmersa nunha radical transformación das súas estruturas sociais, observando na súa situación demográfica un dos grandes retos aos que debe facer fronte, algo para o que resulta imprescindible tomar conciencia e articular as medidas oportunas. Neste contexto, a atracción de nova poboación é unha das maiores potencialidades da nosa terra. Un marco no que o retorno xurde como un gran activo que pode converterse nun dos piares fundamentais sobre os que afrontar o reto demográfico e que se apoia sobre tres eixes fundamentais.

• O xurídico, que sitúa o retorno como unha oportunidade de xustiza para miles de galegos. Así, o propio Estatuto de Autonomía de Galicia establece no punto 3 do artigo 4 que "os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reactores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a vivir e traballar na súa propia terra".

• O demográfico, que o incardina como solución eficiente e pragmática no desenvolvemento das políticas deste ámbito. Non en balde, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, os galegos atópanse entre os emigrantes que máis retornan á súa terra.


• E a mellora da competitividade, ligada á modernización e ao compoñente innovador do tecido produtivo e empresarial da nosa terra, que incrementa as oportunidades de desenvolvemento profesional en Galicia, tanto no fomento do autoemprego como no mercado laboral por conta allea.

Estes factores sitúan á comunidade como destino escollido por moitas familia retornadas para o desenvolvemento dos seus proxectos persoais e profesionais e ofrecen a oportunidade de traer de volta a casa a estudantes e traballadores cunha gran experiencia e formación, capacitados para impulsar e mellorar a práctica totalidade do noso tecido produtivo.

Neste sentido, a estatística de migracións publicada cos datos provisionais do primeiro semestre de 2022, destaca un saldo migratorio neste período positivo en 12.768 persoas, que ao igual que 2019 consegue reverter o saldo vexetativo negativo, é dicir, que a poboación de Galicia volva medrar.

GRÁFICO 19

Saldo migratorio externo de Galicia 2009 - 2021 - INE



2.2 Unha base xurídica para o retorno

Neste contexto convén incidir en que o retorno é un dereito de xustiza para todos os cidadáns da Galicia Exterior: millares de galegos de segundas e terceiras xeracións que residen fóra pero que conservan igual de forte o vínculo coa terra que viu saír aos seus pais e avós. Un nexo que se mantivo inquebrantable grazas ás propias familias e ao esforzo que a Xunta de Galicia vén facendo desde fai décadas cos distintos programas destinados á emigración en todo o mundo.

A Lei 7/2013, de 7 de xuño, da Galegitude establece, nos artigos 53 e 54 do seu capítulo VI, a definición do emigrante galego retornado:

Artigo 53. Condición de galego/a retornado/a

1. Terán a condición de galego/a retornado/a as persoas galegas e nadas en Galicia que residindo fóra de España retornen á Comunidade Autónoma galega, sempre que cumpran co disposto nesta lei.
2. Asímilanse a galegos/as retornados/as aos efectos previstos nesta lei os cónxuxes ou as persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as das persoas galegas nadas en Galicia con residencia no estranxeiro que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma de Galicia e cumpran o disposto nesta lei.

Artigo 54. Os requisitos para adquirir a condición de galego/a retornado/a

Os requisitos, con carácter xeral, para adquirir a condición de galego/a retornado/a son os seguintes:

- a) Ser galego/a e nacido/a en Galicia.
- b) Acreditar ou ter relación filial, conxugal ou análoga á conxugal, segundo o disposto no artigo 53.2 desta lei.
- c) Estar en posesión da nacionalidade española e estar vinculado/a a un concello galego no padrón de residentes no exterior antes do retorno.
- d) Estar empadroadado/a nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O período de tempo de residencia no exterior, os requisitos e outras condicións particulares, así como o procedemento para adquirir a condición de galego/a retornado/a, determinaranse regulamentariamente.

Sobre este punto de partida articúlanse diferentes medidas dirixidas aos retornados e elaboradas pola Xunta, algunhas das cales se amplían tamén aos seus descendentes con base neste mandato legal, que durante os últimos anos se viu forzado por dúas novidades lexislativas:

Por un lado a mencionada Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, que no seu quinto capítulo delimita o marco para o asentamento de nova poboación na Comunidade Autónoma. Con esta finalidade impúlsase o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación galega e o apoio para alcanzar a súa plena integración social e laboral.

Artigo 67. Mellora do saldo migratorio e das taxas de actividade e ocupación

1. As administracións públicas de Galicia, no marco das súas respectivas competencias, impulsarán o desenvolvemento

de estratexias de carácter integral dirixidas a propiciar un saldo migratorio positivo e á mellora das taxas de actividade e ocupación de Galicia.

2. Con esta finalidade deseñarán políticas específicas, coordinando, entre outras, as actuacións en materia de política social, emprego e vivenda, para que as persoas galegas e a súa descendencia consideren Galicia o lugar ideal para establecerse.

3. Así mesmo, promoverán as condicións socioeconómicas necesarias para a atracción de nova poboación a todo o territorio da Comunidade Autónoma.

Artigo 70. Afianzamento dos vínculos coa poboación galega residente no exterior

1. A Administración autonómica levará a cabo programas de carácter cultural, lingüístico, educativo, socio-sanitario e de reforzo dos vínculos dirixidos á poboación galega residente no exterior, coa finalidade de fortalecer o seu sentido de pertenza a Galicia.
2. O desenvolvemento destes programas contemplará actuacións especificamente dirixidas á xuventude e ás mulleres que favorezan o retorno.

Artigo 72. Apoio no proceso de retorno

1. A Administración autonómica desenvolverá, no ámbito das súas competencias, as accións necesarias para unha adecuada información, orientación e seguimento da persoa retornada e da súa familia, tanto no seu país de procedencia como na súa chegada a Galicia, para conseguir unha plena inclusión na sociedade galega, desenvolvendo accións específicas de asesoramento sobre o acceso ao em-

prego, con carácter previo e no momento do seu retorno.

2. Aos efectos do previsto no número anterior, disporá dunha unidade de xestión integral que dea a coñecer á poboación galega residente no exterior as axudas e os programas existentes e facilite información e seguimento personalizado ás persoas galegas retornadas e ás súas familias.

E, doutro, a Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que no artigo 54 establece que “a acción exterior en materia de retorno estará orientada a facilitar o regreso a Galicia das persoas galegas residentes no estranxeiro e das súas familias, levando a cabo políticas de información, orientación e seguimento en todo o proceso, para conseguir unha plena integración na sociedade galega”.

Artigo 53. Galegas e galegos no exterior

1. A acción exterior en materia de emigración velará especialmente pola salvagarda dos dereitos sociais e económicos de toda a cidadanía galega residente no exterior e dos seus descendentes, así como das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. Así mesmo, fomentará o mantemento dos seus vínculos lingüísticos e culturais.

2. Así mesmo, promoverá o traballo conxunto coas comunidades ou colectividades galegas no exterior, na proxección internacional de Galicia.

2.3 Unha nova Estratexia Retorna

Os factores descritos ata o momento (posibilidades que ofrece o retorno ante o desafío demográfico e base xurídica sobre a que atender e desenvolver dita opción para volver) sumados ás boas cifras e á consecución de obxectivos da primeira Estratexia Retorna, sitúan á Administración galega ante o reto de dar continuidade a esta planificación, ofrecendo e habilitando os instrumentos precisos non só para atender á Galicia Exterior, senón tamén para facilitar a súa volta a casa.

Unha nova Estratexia que se sustenta sobre unha ampla base legal e que a Xunta de Galicia promove co convencemento da necesidade de apostar polo retorno e sobre a experiencia acumulada durante os anos de desenvolvemento da anterior Estratexia. Un período (contando tamén o 2021 e 2022 ao prorrogarse a planificación dous anos máis ante a pandemia da covid-19) durante os que se cumpriron con creces os obxectivos previstos, facilitando a volta a casa de máis de 28.000 galegos e galegas a través de distintas accións que permitiron crear e consolidar un ecosistema propio do retorno.

Durante este tempo, púxose en marcha a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno (con sedes en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo), que conta cun conxunto de persoal técnico cualificado para asesorar, de modo individual, ás persoas emigrantes retornadas e ás súas familias. Así mesmo, creouse o Portal Retorna, que se configura como unha plataforma virtual que ofrece, de modo accesible e instantáneo, toda a información relativa ao retorno, desde trámites a axudas, pasando pola resolución de dúbidas que poidan xurdir para afrontar este proceso. E todo sen esquecer a activación de liñas que pasaron da súa fase inicial a unha plena madurez, como as bolsas BEME para que os estudantes retornados

poidan cursar aquí os seus estudos de postgrao, ou o programa de apoio ao retorno emprendedor. Iniciativas novidosas na súa orixe e hoxe xa plenamente consolidadas, como demostran os centos de solicitudes que se reciben tras a apertura de cada convocatoria.

Sobre esta base, o esforzo e o traballo realizados durante a anterior Estratexia Retorna permitiron tamén dotar á Secretaría Xeral da Emigración e ao resto de consellerías e departamentos que participaron na mesma dun maior coñecemento mutuo, establecendo nitidamente os marcos que definen as competencias de cada un. Un contexto ao que agora se suman outros departamentos autonómicos como a Consellería do Mar e a do Medio Rural, coa vontade de consolidar as políticas de retorno, abrindo novas posibilidades para potenciar o apoio ao emprendemento e ao autoemprego entre retornados e retornadas, así como o seu asentamento en zonas rurais da comunidade.

Ademais, e coa vontade de enriquecer a Estratexia, prevese a involucración directa de confederacións e asociacións de empresarios, de clústeres e de organizacións focalizadas na dirección de persoal. Tamén debemos recoller e agradecer as seguintes achegas:

- Persoas que participaron no proceso aberto “Participa Estratexia Retorna”.
- Persoas que participaron nas reunións de retorno no exterior.
- Membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e outras entidades do exterior.
- Asociacións e Federación de Retornados en Galicia.
- Traballadores da Subdirección de Retorno, en especial, aos membros da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento do Retorno, que recolleron cada día as opinións dos galegos retornados.

2.4. Liñas estratéxicas da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026

Sobre as bases do descrito, o novo documento recolle as principais liñas de traballo en materia de retorno que foi desenvolvendo o Goberno galego durante os últimos anos e outras que consideramos preciso reforzar co obxectivo de facer de Galicia a mellor opción para vivir para as galegas e galegos residentes no exterior. Para iso, a Estratexia susténtase en varias liñas de actuación:

- Proporcionar instrumentos de atracción profesional de poboación galega residente no exterior, así como a súa incorporación ao mercado laboral a través de incentivos específicos.
- Potenciar as plataformas creadas para a xestión integral da información de interese e o asesoramento técnico.
- Intensificar o apoio integral ás familias no retorno.
- Intensificar o apoio ao emprendemento e ao autoemprego dos galegos retornados, en especial no rural galego.
- Facilitar o acceso a unha primeira vivenda a través de novas iniciativas para retornados ou a incorporación desta figura a programas e axudas xa activas, como o Bono de Aluguer Social.
- Promover a continuidade educativa dos retornados e dos seus familiares.

• Facilitar a participación nos programas de inclusión socio laboral, reforzar a capacitación das habilidades transversais máis demandadas polo mercado laboral e apostar por programas de desenvolvemento persoal da xuventude retornada.

En definitiva, a Xunta de Galicia, a través da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026 busca intensificar os esforzos para mellorar os resultados do retorno. Unha realidade social que sitúa a Galicia entre as comunidades autónomas con maior volume de persoas que apostan por volver á nosa terra.


A nova Estratexia estrutúrase a través de 4 áreas principais que aglutinan 30 obxectivos e 100 medidas.

Un compromiso que consolida as actuacións de seguimento, coordinación e control do retorno e que potencia e reforza as accións que se deben desenvolver nos ámbitos social, educativo e laboral de cara a facilitar, máis se cabe, a volta a Galicia dos galegos do exterior.

TÁBOA 55

Estratexia Galicia Retorna 2023-2026
SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

ÁREAS	OBXECTIVOS		MEDIDAS	
ASESORAMENTO, SEGUIMENTO, COORDINACIÓN E CONTROL	4	13,3%	11	8%
SOCIAL	8	26,7%	24	25%
EDUCATIVA	10	33,3%	28	30%
LABORAL	8	26,7%	37	37%
TOTAL	30	100%	100	100%



MEDIDAS DE APOIO AO RETORNO

3.1 Área de Asesoramento, Seguimento,
Coordinación e Control

3.2 Área social

3.3 Área educativa

3.4 Área laboral

3.1 Área de Asesoramento, Seguimento, Coordinación e Control

OBXECTIVO 1º

Consolidar o sistema de xestión integral do retorno a través das oficinas físicas en Galicia co obxectivo de facilitar ás familias retornadas e ás que teñen previsto retornar un servizo de ventanilla única con asesoramento e seguimento personalizado nas áreas social, educativa e laboral, de forma presencial e telemática.

MEDIDA 1

Manter e desenvolver a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, integrada por un conxunto de persoal técnico cualificado que ten como obxectivo asesorar de forma presencial e telemática e efectuar un seguimento personalizado ás persoas emigrantes e ás súas familias.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 2

Desenvolver a área de orientación para o emprego por conta allea.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 3

Desenvolver a área de asesoramento fiscal para o retorno.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 4

Impulsar a área de apoio ao retorno nas delegacións da Xunta de Galicia e nas oficinas colaboradoras das entidades galegas no exterior.

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 2º

Facilitar o acceso ás medidas de fomento do retorno a todas as persoas galegas no exterior a través das TICs.

MEDIDA 5

Difundir e consolidar a Plataforma Virtual Retorno.

Secretaría Xeral da Emigración / Amtega

MEDIDA 6

Difundir e consolidar o servizo de atención telefónica ao retornado.

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 3º

Dar a coñecer as medidas e obxectivos da nova Estratexia Galicia Retorna.

MEDIDA 7

Realizar accións de difusión e divulgación das medidas recollidas na Estratexia.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 8

Intensificar a divulgación no exterior, organizando accións informativas e puntos de encontro na diáspora.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 9

Impulsar a divulgación das accións de retorno a través das entidades galegas asentadas no exterior.

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 4º

Informar, asesorar e realizar un seguimento das persoas galegas retornadas no momento da súa chegada a Galicia.

MEDIDA 10

Continuar reforzando as sedes da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 11

Incentivar ás asociacións que desenvolven proxectos dirixidos á información e á integración das familias retornadas.

Secretaría Xeral da Emigración

3.2 Área social

OBXECTIVO 5º

Informar ás persoas retornadas e ás que estean pensando en facelo de todas as medidas específicas e xerais do seu interese.

MEDIDA 12

Continuar facilitando información e axudando á resolución de trámites a través da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno. Esta abordará:

- As axudas de carácter extraordinario e social que poidan ser de aplicación aos galegos retornados de ámbito nacional, autonómico e local.
- Sistemas de acceso a prestacións como a Renda de Inclusión Social de Galicia ou as prestacións non contributivas.
- O procedemento para o recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade e información sobre os programas específicos.
- O acceso ao sistema sanitario mediante a tarxeta sanitaria.
- Os programas de axuda da Dirección Xeral de:
 - Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, incidindo no Programa de Axudas á natalidade e nos destinados a familias numerosas
 - Inclusión social
 - Maiores e persoas con discapacidade
 - Xuventude, Participación e Voluntariado

• Outras cuestións de importancia como a natalidade, permisos de residencia e traballo, coberturas sociais e sanitarias para cónxuxes e familiares sen nacionalidade española, etc.

• A documentación que debe traer do país de residencia para realizar trámites coas Administracións públicas en España.

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 6º

Axiliar os trámites para que as persoas galegas retornadas se integren automaticamente no sistema público sanitario galego no momento da súa chegada a Galicia.

MEDIDA 13

Obtención da tarxeta sanitaria.

Consellería de Sanidade

MEDIDA 14

Informar e facilitar o acceso á vacinación da Covid-19 a todas as persoas galegas retornadas de forma rápida e previamente ao acceso ao sistema sanitario.

Consellería de Sanidade

OBXECTIVO 7º

Atender ás familias galegas retornadas en situación de vulnerabilidade para a consecución da súa plena integración.

MEDIDA 15

Continuar promovendo as axudas extraordinarias aos emigrantes galegos retornados para axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios derivados do retorno. Cada unidade familiar pode recibir unha subvención de ata 6.000 €.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 16

Manter a liña de axudas para familias retornadas con fillos menores que se instalen en Galicia de 1.000 euros por fillo ata o segundo fillo e 1.500 euros a partir do terceiro, cun incremento do 25% se a residencia é no rural.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 17

Facilitar o acceso das persoas galegas retornadas ás prestacións sociais ás que teñan dereito.

Consellería de Política Social e Xuventude

MEDIDA 18

Atender de forma integral ás mulleres retornadas vítimas de violencia de xénero a través de recursos residenciais de acollida temporal e dos non residenciais.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 19

Facilitar o acceso das mulleres retornadas vítimas de violencia de xénero ás prestacións ás que teñen dereito.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

OBXECTIVO 8º

Conseguir a plena integración das familias galegas retornadas no menor tempo posible.

MEDIDA 20

Facilitar a participación das persoas emigrantes retornadas nos programas de inclusión socio laboral.

Consellería de Política Social e Xuventude

MEDIDA 21

Facilitar a aproximación á realidade de Galicia a aquelas persoas galegas que levan moito tempo lonxe da nosa terra.

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 9º

Fomentar o retorno das familias galegas a través do apoio á natalidade e á conciliación familiar.

MEDIDA 22

Mellorar as condicións de acceso das familias retornadas a todas as medidas favorecedoras da natalidade, como a Tarxeta Benvida. Mediante esta última, as familias obterán unha axuda de 1.200 euros ao ano no primeiro ano de vida do seu fillo, ampliable ata os 3 anos nalgúns casos.

Consellería de Política Social e Xuventude

MEDIDA 23

Facilitar o acceso no momento do retorno e fóra dos prazos establecidos ás Escolas Infantís.

Consellería de Política Social e Xuventude

OBXECTIVO 10º

Apoiar a integración da xuventude.

MEDIDA 24

Axudas para a obtención do permiso de condución clase B e C á xuventude retornada residente en Galicia e beneficiaria do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Consellería de Política Social e Xuventude

MEDIDA 25

Facilitar o acceso antes do retorno ao programa Carné Xove. Programa de desconto para a mocidade no acceso a bens e servizos.

Consellería de Política Social e Xuventude

MEDIDA 26

Facilitar o coñecemento da realidade de Galicia como opción de retorno a través do programa Conecta con Galicia:

programa de actividades lúdico-educativas e de coñecemento da cultura e o patrimonio galego para mozos galegos residentes no exterior co obxectivo de xerar o vínculo con Galicia e fomentar o espírito de retorno.

Secretaría Xeral da Emigración / Consellería de Política Social e Xuventude

MEDIDA 27

Facilitar o coñecemento da realidade de Galicia como opción de retorno a través do programa Campamento de Voluntariado: programa de actividades lúdico-educativas que participan en actividades con compoñente social e desfrutando dun programa de ocio educativo, co obxectivo de xerar o vínculo con Galicia e fomentar o espírito de retorno.

Secretaría Xeral da Emigración / Consellería de Política Social e Xuventude

MEDIDA 28

Facilitar á xuventude retornada unha completa programación a través do programa Juventud Mentoring, programa integral de formación e tutoría para mozos titulados e inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Consellería de Política Social e Xuventude

MEDIDA 29

Apoiar a integración mediante o programa de voluntariado ambiental interxeracional que se desenvolve en accións en parques naturais e espazos protexidos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consellería de Política Social e Xuventude

MEDIDA 30

Facilitar o acceso da xuventude retornada ás diferentes liñas de axuda para o desenvolvemento de proxectos xu-

venís do programa Iniciativa Xove.

Consellería de Política Social e Xuventude

OBXECTIVO 11º

Facilitar o acceso á vivenda.

MEDIDA 31

Facilitar o establecemento na Comunidade Autónoma galega cunha axuda de 500 euros por unidade familiar destinada a sufragar os gastos derivados das primeiras xestións para garantir o acceso a unha vivenda.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 32

Acceder ás vivendas de promoción pública por parte das persoas galegas retornadas en igualdade de condicións que o resto das persoas galegas e facilitar a súa inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da comunidade autónoma de Galicia.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Instituto Galego da Vivenda e Solo – IGVS

MEDIDA 33

Acceder ás axudas ao aluguer por parte das persoas galegas retornadas en igualdade de condicións que o resto das persoas galegas desde o seu empadramento nun concello galego.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Instituto Galego da Vivenda e Solo – IGVS

MEDIDA 34

Potenciar o retorno na planificación das políticas de vivenda do Goberno galego.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Instituto Galego da Vivenda e Solo – IGVS)

OBXECTIVO 12º

Fomentar a rehabilitación de vivendas.

MEDIDA 35

Incluír nos programas de axudas para a rehabilitación de vivendas ás persoas galegas retornadas.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Instituto Galego da Vivenda e Solo – IGVS

3.3 Área Educativa**OBXECTIVO 13º**

Informar ás presentes e futuras persoas galegas retornadas das medidas dirixidas a favorecer a súa continuidade formativa ou a dos seus fillos.

MEDIDA 36

Ofrecer información a través da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno sobre:

- Trámites e requisitos previos ao retorno.
- Acceso ao sistema educativo español, en todos os seus niveis, así como sobre os trámites administrativos para a escolarización dos seus fillos.
- Axudas e becas para todos os niveis de ensino tanto de ámbito estatal como autonómico.
- Homologación e validación de estudos.

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 14º

Incentivar o retorno das familias do exterior, favorecendo a incorporación nos centros de ensino primario e secundario da nosa Comunidade Autónoma, así como no sistema universitario de Galicia.

MEDIDA 37

BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR - MASTER (BEME), para que a xuventude galega que reside no exterior con formación universitaria veña a Galicia a cursar un máster que lles permita incorporarse ao mercado laboral galego. Comprenden unha aportación anual de 7.000 euros para os estudantes de Europa e 7.650 para os do resto de países, que chegan a 11.475 euros no caso dos másteres

de curso e medio de duración. Durante a súa estancia facilitaráselles orientación laboral para que poidan iniciar a súa traxectoria profesional e establecerse en Galicia.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 38

RETORNA XUVENTUDE FP-Bolsas para a xuventude do exterior co fin de cursar estudos de Formación Profesional.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

MEDIDA 39

Axudas destinadas a estudantes do Sistema Universitario de Galicia que, por causas sobrevidas e imprevistas acadadas durante o curso académico, teñan dificultades económicas para continuar os seus estudos. Inclúese entre outros colectivos ás persoas galegas retornadas.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

MEDIDA 40

Axudas para persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

MEDIDA 41

Formación en lingua galega.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

OBXECTIVO 15º

Aumentar a capacitación dixital das persoas galegas retornadas, poñendo á súa disposición espazos de formación.

MEDIDA 42

Poñer a disposición das persoas galegas retornadas as aulas e espazos da REDE CeMIT, onde poderán acceder libremente a través de internet e facer uso dos equipos tecnolóxicos, así como participar nos programas formativos no ámbito da alfabetización e capacitación dixital para desenvolver as súas competencias dixitais.

AMTEGA

OBXECTIVO 16º

Facilitar a capacitación profesional das persoas galegas retornadas.

MEDIDA 43

Facilitar o acceso das persoas galegas retornadas ao proceso de avaliación e acreditación das competencias profesionais.
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

OBXECTIVO 17º

Promover a formación das persoas galegas retornadas para a súa integración no mercado laboral.

MEDIDA 44

Introducir o colectivo como prioritario nos programas de formación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade tanto nos cursos de formación para desempregados como nos programas de talleres e unidades formativas.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 45

Implantar nos sistemas electrónicos das oficinas e nos de formación do sistema público de emprego de Galicia os códigos correspondentes e un protocolo de atención específico para as persoas galegas retornadas.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

OBXECTIVO 18º

Promover a formación das persoas galegas retornadas no ámbito marítimo-pesqueiro, acuícola e de mergullo.

MEDIDA 46

Acceso á formación profesional marítimo - pesqueira, acuícola e de mergullo.

Consellería do Mar

MEDIDA 47

Dar acceso á rede de centros e procesos de formación da Consellería do Mar.

Consellería do Mar

MEDIDA 48

Dar acceso á formación continua e á especialización que ofrece a Consellería do Mar no ámbito marítimo-pesqueiro (pesca, vela, seguridade e extinción de incendios).

Consellería do Mar

MEDIDA 49

Prestar atención e promover a xestión ante a Administración Xeral do Estado das demandas de homologación de estudos cursados noutros países, así como da posible validación de títulos vinculados aos convenios internacionais relacionados coa formación náutica STCW e STCW-F.

Consellería do Mar

MEDIDA 50

Axudas para a formación de persoal auxiliar no campo da investigación mariña, que teñen unha duración de dous anos e unha dotación mensual.

Consellería do Mar

OBXECTIVO 19º

Informar aos presentes e futuros retornados das medidas específicas dirixidas aos investigadores.

MEDIDA 51

Ofrecer información , a través da Oficina Integral de Aseoramento e Seguimento ao Retorno, sobre os programas destinados a investigadores e ao emprendemento innovador.

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 20º

Promover a captación e retorno de investigadores, fomentando a súa incorporación aos distintos centros de coñecemento, empresas e institucións que traballan no ámbito da I+D+i.

MEDIDA 52

Portal de TALENTO e MAPA DE ECOSISTEMA I+D+I: reforzar os programas de xeración, atracción e retorno do talento para a I+D+i a nivel internacional e difusión das ofertas de demandas laborais para a I+D+i.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 53

Campaña de internacionalización das accións do Programa Talento.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 54

PROGRAMA TALENTO SÉNIOR: axudas para a contratación de persoal altamente cualificado, por un período mínimo de tres anos e con máis de 5 anos de experiencia profesional, para desenvolver a súa carreira profesional en empresas e centros de investigación, así como para estimular a demanda no sector público e privado de profesionais cualificados para acometer proxectos de I+D+i en Galicia.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 55

O PROGRAMA DE DOUTORADO INDUSTRIAL: financia o desenvolvemento de teses doutorais nunha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía interesado en contratar persoal investigador predoutoral para realizar un proxecto de investigación industrial en colaboración cunha universidade do SUG.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 56

O PROGRAMA OPORTUNIUS: xera oportunidades para o persoal investigador de excelencia que queira desenvolver a súa carreira científica en Galicia, reforzando as opcións de acceso e os beneficios asociados ás axudas do Consello Europeo de Investigación, co fin último de facilitar a estabilidade dos mellores investigadores galegos e atraer a outros científicos de excelencia de fóra de Galicia.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 57

PROGRAMA PRINCIPIA: apoio á contratación de persoal vinculado a tarefas de I+D+i, en concreto persoas menores de 30 anos.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

OBXECTIVO 21º

Difundir, atraer e reter o talento das persoas traballadoras galegas residentes no exterior.

MEDIDA 58

Consolidar o espazo web para o encontro entre empresas galegas e profesionais galegos emigrados especializados no ámbito TIC a través do portal RETORNA DIXITAL, que conta cun directorio de empresas para que os profesionais interesados poidan contactar directamente coas entidades ofertantes de postos de traballo.

Secretaría Xeral da Emigración / AMTEGA

MEDIDA 59

Contribuír a difundir as capacidades tecnolóxicas do territorio galego mediante un programa de webinars e eventos de networking co fin de atraer talento galego do exterior.

AMTEGA

MEDIDA 60

- Difundir entre a cidadanía e executar as actuacións implementadas na Estratexia Retorna Galicia a través dos medios xa dispoñibles no GaiásTech.
- Empregar o servizo de axenda e boletín do GaiásTech para favorecer a difusión e a publicidade de actos rela-

cionados cos obxectivos temáticos da Estratexia Retorna Galicia.

- Empregar o servizo de organización de actos coa posibilidade de reserva de espazos e equipamentos ao servizo de streaming para a celebración de eventos en liña.

AMTEGA

OBXECTIVO 22º

Dar a coñecer entre as persoas galegas residentes no exterior a actual oferta tecnolóxica e dixital do territorio, perseguindo atraer talento e ofrecer ás persoas galegas retornadas asesoramento e apoio aos seus proxectos emprendedores.

MEDIDA 61

Dar a coñecer entre as persoas retornadas galegas que establezan iniciativas empresariais en Galicia, os programas de asesoramento empresarial Reacciona e Reacciona TIC, para contribuír ao aumento de nivel de dixitalización do tecido empresarial galego.

AMTEGA

MEDIDA 62

Ofrecer ás persoas galegas retornadas, a través do portal Dixiterrae, información sobre o proceso de transformación dixital en Galicia e o coñecemento dos servizos e ferramentas dispoñibles na actualidade.

AMTEGA

MEDIDA 63

Fomentar o acceso ás persoas galegas residentes no exterior á Administración electrónica para que, entre outras, poidan realizar xestións relacionadas coa busca de emprego desde o exterior.

AMTEGA

3.4 Área laboral

OBXECTIVO 23º

Informar ás presentes e futuras persoas galegas retornadas das medidas específicas dirixidas a favorecer a súa integración no mercado laboral.

MEDIDA 64

Facilitar información a través da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno sobre:

- Busca de emprego a través do servizo público de emprego.
- Apoio ao traslado de empresas.
- Canal de información específico do emprendemento e novos autónomos, trámites coas Administracións, axudas e subvencións.
- Orientación para a inversión na Galicia territorial.

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 24º

Promover a integración laboral por conta allea das persoas galegas retornadas.

MEDIDA 65

Programa de incentivos á contratación na empresa ordinaria, destinados a facilitar a inserción laboral das persoas desempregadas con dificultades particulares para permanecer no mercado de traballo, favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade. Subvención á contratación indefinida inicial e á temporal cunha duración mínima de 12 meses e á formación de persoas contratadas cun incremento dun 25% se a persoa é emigrante galega retornada.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 66

Retorna Cualifica-Emprego: programa que inclúe accións formativas dirixidas a persoas emigrantes galegas para a adquisición de competencias e capacidades, así como a incorporación ao mercado laboral galego.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 67

Programas de apoio a empresas de inserción laboral e ás súas entidades promotoras.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 68

Programa de axudas a centros especiais de emprego.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 69

Programa de fomento e consolidación do emprego nas pemes de nova creación, que ten por finalidade xerar emprego estable para persoas desempregadas, dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais en Galicia, con especial atención aos concellos rurais galegos cun incremento dun 25% se a persoa é emigrante galega retornada.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 70

Axudas á contratación indefinida de persoas asalariadas por traballadores autónomos dentro do programa de promoción e consolidación de emprego autónomo. O incentivo incrementase un 25% se a persoa é emigrante galega retornada. A contía máxima da subvención pode chegar aos 16.250€ para contratación da primeira persoa asalariada e a 22.500€ para a contratación da 2ª e a 3ª.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 71

Facilitar a posibilidade de inclusión de persoas galegas retornadas en empresas galegas a través de acordos coas confederacións e asociacións de empresarios galegos.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade / Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 72

Programa APROL-ECONOMÍA SOCIAL, destinado a fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais. Estas axudas incrementaríanse nun 25% para os emigrantes retornados e terán unha contía máxima de 67.500 euros.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 73

Programa APROL - RURAL, que ten como obxectivo o fomento do emprego en colaboración coas entidades locais no medio rural a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

OBXECTIVO 25º

Promover o autoemprego, a integración laboral por conta allea e a creación de pemes por persoas galegas retornadas.

MEDIDA 74

Programa Retorna Acelera-Emprendemento: programa para impulsar a creación de empresas cunha fase de pre-aceleración de acompañamento e titorización e unha fase de aceleración para os proxectos máis viables.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 75

Promover o autoemprego e a creación de empresas por persoas galegas retornadas, a través das Axudas ao retorno emprendedor, coas que os beneficiarios poderán ter unha aportación de ata 10.000 euros, incentivando a creación de empresas por mulleres e nos concellos rurais.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 76

Programa de promoción e consolidación do emprego autónomo. Dá acceso ás axudas a desempregados que desenvolven a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores autónomos por conta propia e incentiva a creación de emprego autónomo, cun incremento dun 25% se a persoa é emigrante galega retornada. A contía máxima é de 10.000 €.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 77

PROGRAMA EMEGA: comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres e a favorecer a conciliación familiar e dar acceso aos servizos específicos de acompañamento, asesoramento e titorización co obxecto de facilitar a implantación e a consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres. Dentro deste programa podemos atopar distintas liñas de axuda: Emrende, Innova, Activa, ITEF, Concilia e Dual.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 78

Programa de APOIO ÁS INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBT): pretende dinamizar a voca-

ción emprendedora da comunidade universitaria e aproveitar o potencial empresarial das persoas dedicadas á investigación e das que teñen amplos coñecementos das novas tecnoloxías, así como impulsar a transformación do coñecemento creado nas universidades e nos centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e de emprego. Con este programa subvenciónase a creación de traballo indefinido. Estas axudas incrementaranse nun 25% para as persoas emigrantes galegas retornadas e terán unha contía máxima de 24.000 euros.

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

MEDIDA 79

A REDE GALEGA DE ACELERADORAS DA INNOVACIÓN: ofrece un apoio intensivo nas primeiras etapas de nacemento empresarial, prestando soporte específico á evolución desde ideas incipientes a prototipos, ou desde os prototipos ata produtos listos para o mercado a través dunha programación temporal inferior ao habitual nestes procesos, e captando proxectos desenvolto por investigadores e emprendedores no estranxeiro.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

OBXECTIVO 26º

Promover o autoemprego mediante a creación de pemes por parte das persoas galegas retornadas no ámbito pesqueiro - marítimo.

MEDIDA 80

Axudas dos grupos de acción local de pesca. Destinadas a fomentar a diversificación e complementariedade da economía marítimo - pesqueira en zonas costeiras. A porcentaxe máxima da axuda para proxectos de inversión produ-

tiva ascende ao 50% do gasto total subvencionable ata un máximo de 200.000€ por promotor durante un período de tres exercicios.

Consellería do Mar

MEDIDA 81

Axudas para a incorporación da mocidade á actividade extractiva (pesca e marisqueo): contribúen á primeira compra dunha embarcación pesqueira por persoas menores de 40 anos que traballaran durante polo menos cinco anos como pescadores ou posúan a titulación profesional requirida segundo o tipo de embarcación que desexan adquirir. A axuda é do 25% do custe da embarcación, podendo alcanzar os 75.000€.

Consellería do Mar

MEDIDA 82

Axudas de apoio ás pemes de transformación de produtos de pesca e acuicultura.

Consellería do Mar

OBXECTIVO 27º

Promover o autoemprego mediante a creación de pemes por parte das persoas galegas retornadas no ámbito do medio rural.

MEDIDA 83

Axudas destinadas a proxectos produtivos localizados na Galicia rural e promovidos por persoas físicas ou xurídicas privadas. A intensidade da axuda será como mínimo do 15% e como máximo do 50% do investimento total subvencionable. O importe da axuda limitarase a un máximo de 200.000€.

Consellería do Medio Rural - AGADER

MEDIDA 84

Axudas destinadas a proxectos non produtivos. A intensidade da axuda estará entre un mínimo do 30% e un máximo do 100% do total do investimento subvencionable. O importe da axuda limitarase a un máximo de 200.000€, non obstante, poderase chegar a 250.000€.

Consellería do Medio Rural - AGADER

MEDIDA 85

Axudas para proxectos de investimento en actividades non agrícolas. O obxectivo é apoiar, por un lado, a adquisición de maquinaria e equipos en empresas existentes no medio rural e, por outro lado, impulsar novas actividades empresariais nas aldeas modelo.

Consellería do Medio Rural - AGADER

MEDIDA 86

Priorizar o alugueiro no Banco de Terras de Galicia para as persoas galegas retornadas.

Consellería do Medio Rural - AGADER

MEDIDA 87

Axudas para a incorporación da xuventude á actividade agraria.

Consellería do Medio Rural - AGADER

OBXECTIVO 28º

Promover o autoemprego coa a creación de pemes por parte das persoas galegas retornadas no ámbito das empresas TIC.

MEDIDA 88

Poñer a disposición das persoas retornadas os espazos do GaiásTech para o lanzamento da súa actividade emprendedora de proxectos dixitais en Galicia.

AMTEGA

OBXECTIVO 29º

Programas de axuda destinados a impulsar o financiamento de proxectos empresariais de nova creación e innovadores.

MEDIDA 89

Ofrecer ás persoas galegas retornadas liñas de financiamento sen avais (micro - créditos) para que comecen a súa actividade empresarial por conta propia.

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA 90

Asesorar e axudar no acceso aos PRÉSTAMOS IFI: IFI INNOVA, de apoio financeiro a proxectos innovadores de pemes, financiando activos tanxibles e intanxibles e gastos de desenvolvemento e innovación (para importes de ata 500.000 euros). Beneficiaránse de tipos de xuro reducidos e garantías adicionais á responsabilidade das sociedades de préstamo ata certas contías.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 91

Facilitar os medios para o seu traslado a Galicia a aqueles galegos que teñen unha pequena empresa no seu país de acollida, incentivando o seu establecemento no rural.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 92

Asesoramento e axuda no acceso aos préstamos directos do Igape, na súa modalidade de préstamos para Investimentos Estratéxicos: financiamento de ata o 50% de investimentos en activos fixos de, como mínimo e con carácter xeral, 1.000.000 €. Tamén poden ser financiadas as necesidades de circulante estrutural.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

OBXECTIVO 30º

Retorno de empresarios e grandes investidores galegos do exterior ofrecéndolles oportunidades de investimento na Galicia territorial.

MEDIDA 93

Asesoramento e axuda no acceso aos incentivos económicos rexionais que teñen por finalidade fomentar o desenvolvemento económico rexional a través do apoio financeiro á implantación de proxectos empresariais en Galicia para corrixir os desequilibrios territoriais existentes.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 94

Asesoramento e axuda no acceso ao programa Reavais do Igape ao amparo do convenio Igape-SGR, que permite o acceso a préstamos bancarios avalados polas SGR, de entre 3.000 e 1.000.000 euros, con prazos de amortización de ata 10 anos, para destinar a investimento, circulante, operacións de tráfico comercial ou garantías ante terceiros.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 95

Participación de persoas galegas retornadas nos Coworking EOI – Igape, que se organicen na Comunidade Autónoma de Galicia.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 96

Rodas de financiación como “Business Angels” daqueles proxectos de emprendedores con máis posibilidades de saír adiante e que busquen liñas de financiamento.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 97

Na potenciación do sistema de BBAA de Galicia e a xeración de eventos tipo “investor days” poderanse presentar proxectos emprendedores con potencialidade e interese de investimento. Se houberse masa crítica, poderíase pensar nun “investor day” específico para proxectos de emigrantes retornados.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 98

Propostas de investimento ás empresas galegas que estean en proceso de ampliación do seu accionariado.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 99

Asesoramento e axuda no acceso aos incentivos económicos rexionais e ás axudas do Galicia Investe, que ten por finalidade fomentar o desenvolvemento económico rexional a través do apoio financeiro, mediante subvencións a fondo perdido, á implantación de proxectos empresariais en Galicia para corrixir os desequilibrios territoriais existentes.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

MEDIDA 100

Asesoramento e axuda para conseguir a marca Galicia Calidade.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

CONCLUSIÓN

Houbo un tempo en que Galicia era terra de emigración. Hoxe Galicia converteuse en terra de retorno. Os datos oficiais así o constatan. Máis de 28.000 galegos volveron á nosa comunidade desde a posta en marcha da primeira Estratexia Retorna en 2018, escollendo a terra das súas orixes como lugar no que continuar os seus proxectos vitais e profesionais.

Todo o talento, o legado cultural, social e artístico da nosa Galicia exterior está hoxe volvendo a casa, a unha Galicia aberta e competitiva, próspera e de vangarda, industrial e moderna.

Sumamos xa 9 exercicios consecutivos de crecemento do retorno; case o 60% dos retornados son menores de 45 anos; só na última década volveron á comunidade máis de 40.000 galegos, tanto de nacemento como descendentes; o retorno anual multiplicouse por máis de dous desde 2009, cando volvían a casa 3.085 galegos nun ano; e o saldo migratorio de Galicia en 2020 foi positivo en máis de 14.000 persoas.

Todos estes datos falan do retorno como unha tripla oportunidade. Como posibilidade de traer de volta a casa todo ese talento galego espallado polo mundo, pero tamén como unha evidente oportunidade para facer fronte ao inxente reto demográfico que temos ante nós e como unha opción de mellora da nosa competitividade social e empresarial.

Por este motivo, desde o Goberno galego activamos a Estratexia Retorna 2020, á que agora damos continuidade coa Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, un documento completo, realista e de carácter transversal que implica a todos os departamentos da Xunta ante estes retos e na responsabilidade de traballar para facilitar a volta á súa terra a todos os galegos do exterior, tanto os emigrantes coma os seus descendentes.

A aposta debe ser forte porque, como mostran as estatísticas, os galegos queren volver. E para iso resulta imprescindible seguir dándolles razóns para que escollan Galicia como lugar para establecerse definitivamente e formar unha familia.

O resultado é esta Estratexia e o centenar de medidas enumeradas, tanto de carácter transversal como específico, que aspiran a favorecer o retorno de galegos residentes no exterior e o seu arraigo na comunidade.

Unhas medidas deseñadas para facilitar a integración do retornado, tanto a nivel económico como social e laboral. De aí que todas estean elaboradas coa perspectiva transversal da igualdade e a conciliación familiar que, ademais, contan con programas e incentivos específicos.



XUNTA
DE GALICIA